

A Cincenta

Había unha vez unha mociña duns vinte anos chamada Cincenta que vivía coa súa madrastra e as súas dúas medias irmás, Xulia e Aroa, nun rañaceos ás aforas de Santiago. Día tras día, mentres as donas do apartamento se adicaban a gastar a herdanza que o pai da Cincenta lle deixara indo de compras ás máis distinguidas boutiques, saíndo a comer coas amigas e xogando ao golf, Cincenta pasaba as horas varrendo, limpando, vendo a telenovela e pasándolle o ferro aos elegantes vestidos de Dior e Chanel que a súa madrastra tiña.

Un día Aroa recibiu un sms dun mozo do seu instituto que a convidaba á inauguración dun dos seus hotéis ás aforas da cidade xa que Rodrigo, que así se chamaba o rapaz, era o herdeiro dun grande imperio hoteleiro. Aroa decidiu ir á festa acompañada de Xulia e de súa nai porque a herdanza ía chegando ao seu fin e as tres tiñan a esperanza de atopar alí algún vello millonario co que casar.

-Podo ir eu tamén convosco? –preguntou Cincenta a noite antes da inauguración.

-Por suposto que non! –respostou a madrastra fundamentalmente porque a esa hora era imposible atopar algunha perruquería que lle dese cita para o día seguinte. Cincenta pechouse no seu cuarto a chorar mentres vía películas no seu portátil e comía flocos de millo.

Á noite seguinte as tres mulleres marcharon á festa e Cincenta quedou soa na casa. Mentres estaba falando polo messenger cos amigos, decatouse de que Xulia deixara o móbil esquecido na casa e decidiu levarllo, non sen antes asegurarse de que todas as fiestras quedaran debidamente pechadas e non deixara escapar a calor da vivenda.

Cando baixou do autobús, que elixira como alternativa ao taxi, xa que ultimamente espertara a súa vea ecoloxista, comezou a andar cara ao hotel. Cincenta non se decatara de que saíra da casa en vaqueiros, sudadeira e co pelo recollido de mala maneira, polo que se sorprendeu cando na recepción do hotel todo o mundo a ollaba. A súa madrastra achegouse a ela e comezou a rifarlle diante de todos, que por suposto ían elegantemente vestidos, deixándoa en ridículo. Cincenta sentiu moita vergonza e comezou a correr rapidamente sen que a puidesen seguir, xa que ultimamente estaba indo ao ximnasio e seguía unha dieta moi equilibrada, polo que gozaba de grande axilidade. Mentres baixaba as escaleira, caeulle unha zapatilla do pé esquerdo pero seguiu correndo porque o autobús estaba arrancando.

Cando saíu do ascensor do seu edificio, Cincenta decatouse de que un mozo a estaba esperando na porta do seu apartamento, camiñou cara a el e descubriu que era Rodrigo. Avergonzada saudouno ao ver que nas mans tiña a súa zapatilla. Rodrigo anicouse e púxolla no pé. Cando o rapaz se ía levantando, arrimouse á moza, que estaba sorrindo, e intentou bicala, ao que ela respondeu cunha sonora labazada, pois atopaba a actitude de Rodrigo machista e fóra de lugar. O mozo non sabía como responder e púxose a berrar colléndoa pola forza, pois non estaba acostumado a que o rexeitaran. Cincenta meteuse dentro da vivenda como puido, pechou a porta e alegrouse da súa actitude, xa que ningún home a obrigaría a facer nada se ela non quería.

Meteuse na cama e esa noite durmiu tranquila, orgullosa da súa independencia.

Natalia Piñeiro Froján

HANSEL E GRETEL

Hai pouco tempo, nunha vila non moi afastada da cidade, un matrimonio de dentistas víase en apuros económicos debido á crise. Cada día tiñan que aforrar máis para manter aos seus fillos. Pasado un tempo, a nai, unha muller avariciosa privada do seu alto nivel de vida anterior, decidiu que o mellor para a economía familiar sería abandonar os fillos no bosque. Propúxollo ao seu marido, e este, que era un miñaxoia, deulle a razón, coma sempre. Un día de verán decidiron levar os nenos de “excursión”. O camiño de viaxe no deportivo azul da familia (a pesar da falta de cartos non se quixeron desfacer del) foi moi longo. Os rapaciños, chamados Hansel e Gretel, crían que ían de excursión, como lles dixeran nun comezo, pero cando á mañá seguinte espertaron sós (durmían os catro na tenda de campaña) déronse conta de que algo andaba mal. Así e todo, eran uns irmáns moi valentes e non se asustaron demasiado. Ao contrario, alegráronse un pouco ao verse nunha aventura (non sabían que os abandonaran, e crían que os pais acabarían volvendo) libres dos seus proxenitores e do colexio, e comezaron a camiñar. Ao pouco tempo chegaron a unha casa feita de doces e de chocolate. Aproveitaron que os seus pais dentistas non estaban presentes e entraron na propiedade. Cando estaban rematando de comer o tellado (de chocolate con leite) abriuse unha greta e caeron no interior da casa cun grande estrondo.

Unha muller vella, coñecida polos veciños porque tiña inclinacións antropófagas (pero eles non o sabían porque non eran veciños) e tamén polas súas actividades máxicas, recibíunos con berros, ameazándoos de levalos aos tribunais debido á intrusión na propiedade privada, aos danos producidos na casa e a un monte de cousas máis que os nenos non entenderon debido ao seu descoñecemento de leis e normas públicas. Pero a anciá decidiu perdoalos e darlles de comer todos os días... e casualmente tamén os pesaba a diario, feito que aos irmáns lles parecía unha ridiculez. Pero un día, a señora enfadouse porque os rapaces non engoradaban o suficiente como para ser unha comida digna dunha bruxa (queríaos comer!) e farta de traballar mandoulle a Hansel facer as tarefas do fogar máis duras (aínda que era moi maior tiña ideas modernas e feministas, e decidiu darlle máis traballo ao rapaz) e a Gretel mandáballe traballos máis complicados intelectualmente, pero máis levadeiros, como arranxarlle o ordenador, ou, cando a conexión a Internet o permitía, baixarlle música e receitas de cociña (Gretel, coma calquera outra rapaza, estaba igual ou mellor capacitada ca un home, coma seu rimán, para realizar traballos electrónicos ou informáticos).

O tempo transcorreu, e aínda que na casiña de chocolate se vivía bastante ben, os nenos comezaron a fartarse e a temer polas súas vidas cando se enteraron dos gustos culinarios da velliña. Un día, Gretel aproveitou que a muller se queimara acendendo o gran forno de leña para preparar a comida a telefonou á policía para denunciála por secuestro. As autoridades fixéronlle pagar á bruxa unha indemnización, que os rapaces usaron para contratar un detective que atopase aos pais. Cando atoparon ao pai (a nai marchara cun home adañeirado) Hansel quedou a vivir con el e Gretel, coa parte do diñeiro que lle correspondía (o detective cobráralles pouco) marchou á cidade para estudar o Bacharelato. Daquela en diante os dous rapaces viviron unha vida normal, nunha vila e nunha cidade normais, cunha economía normal.

Sergio Gallardo Marqués

HANSEL E GRETEL

Ao lonxe, nunha cabana próxima ao bosque vivía un leñador coa súa esposa e os seus dous fillos: Hansel e Gretel. O home era moi pobre, tanto que aínda nas épocas en

que gañaba máis cartos, apenas tiña para comer. Pero un bo día non lles quedou nin unha soa moeda para comprar comida, nin un pouquiño de fariña para facer pan.

-Os nosos fillos morrerán de fame -lamentouse o pobre esa noite.

-Só hai un remedio –dixo a nai chorando-, temos que deixalos ir pola súa conta e que busquen traballo.

Hansel era moi bo xogando ao fútbol e intentou entrar nun equipo dos grandes. E Gretel era todo o contrario, non quería traballar de nada e fíxose prostituta.

Hansel, despois de moito esforzo e méritos propios, conseguira entrar nun equipo bo e gañar moitos cartos. Pero con tanta forma e tanto traballo esqueceuse da súa irmá. E como Gretel estaba farta de ser a peor decidiu contar que se deitaba co seu irmán Hansel.

Unha semana máis tarde Gretel xa estaba sentada ao lado de Belén Esteban facendo o ridículo e contando as súas chorradas diante de miles de espectadores que se aburren moito e adícanse a mirar os programas do corazón.

Así foi como Gretel pasou de ser unha prostitua barata, e non gañar case nada, a ser unha ridícula persoa que por facer un programa xa gaña miles de euros. Co que non contotu Gretel foi que a Hansel o botaran do equipo e pasou a ser un desgrazado que, unicamente era recoñecido por se deitar coa súa irmá.

Noemia Caamaño Romero

CORRE CORRE, CABACIÑA

Había unha vez unha muller de maior idade, que vivía nunha cidade moi, pero que moi antiga, onde habitaba ela e unha cantas persoas máis.

Un día pola tarde chegoulle un fax dicíndolle que a súa neta ía casar e que estaba convidada á voda. Ela púxose moi histérica pero, ao mesmo tempo, moi feliz de que casara a súa netiña, así que tan axiña como leu ese fax vestiuse e colleu o coche rumbo á casa da neta.

Ía de camiño e parouselle o coche, así que tivo que ir ata a festa andando pola beira da estrada.

Ao cabo dun anaco atopou un lobo, que lle dixo:

-Señoriña, vouna comer!

-No me comas agora que teño que ir á voda da miña neta, cando volva estarei moito máis gordiña e poderasme comer.

O lobo deixouna marchar e díxolle que lle ía esperar no mesmo sitio ata que viñese de novo.

Ela seguiu andando e un pouquiño máis adiante, apareceulle un raposo que lle dixo o mesmo que o lobo, así que o raposo tamén quedou de esperala ata que pasase outra vez por alí.

Xa no final do traxecto apareceulle un elefante que lle dixo o mesmo que o lobo e o raposo e ela respondeulle da mesma maneira que aos outros dous, o elefante díxolle que, cando viñera da voda da súa netiña, a ía esperar para papala todía.

A avoíña, despois de todo ese camiño tan malo que pasou, chegou á casa da súa neta e contoullo todo, pero a neta, como estaba moi cansa, díxolle que o mellor era durmir e que xa buscarían unha solución.

Ao día seguinte celebrouse a voda que foi unha festa por todo o alto, a mellor da aldea.

Cando chegou a hora na que a avoíña tiña que marchar, a neta foi á horta dunha veciña e rouboulle unha cabaza tan grande como a súa avoa; fíxolle un buraco e deulle unha patada que a fixo rodar ata a súa casa da cidade e ela pasou por diante do elefante rodando, e díxolle que se convertera nunha cabaza e que non a podía comer, porque era malo para a súa saúde. Pasou polo lado do raposo e díxolle o mesmo e, por último, xa cando estaba chegando á casa parouse a cabaza e apareceu o lobo, estaba moi asustada porque xa non lle podía dar a mesma escusa, xa que ao lobo gustábanlle as cabazas, así que, cando o lobo lle preguntou se vira unha señora ela respondeulle que non e el deixouna marchar.

Cando chegou á casa estaba moi contenta porque se burlara do lobo, do raposo e do elefante. Así que, como o raposo e o elefante non puideron comer a velliña marcharon para a casa descansar, pero o lobo estivo esperando hora tras hora, ata que se quedou durmido e soñou que lle falara unha cabaza.

O LOBO E OS SETE CABUXIÑOS

Ter sete fillos é coma para que lle dean á nai un galardón á maternidade; mais non é este o caso. Papá Castrón criaba os seus sete cabuxiños a contracorrente, de forma inadecuada, porque estes, en cuestión, eran rebeldes, vagos e “encabuxados”. Os rapaces non facían caso e andaban ao seu. Pero, sobre todo, non lles gustaba a escola.

Ben, pódese botar a culpa aos pais. Si, aos pais, porque ademais de Papá Castrón estaba tamén Mamá Cabuxa, muller sufrida e traballadora que botaba moitas horas na obra para ter un soldo decente e poder criar aos rapaces. Pero o problema era que botaba pouco tempo cos cabuxos e cubría a súa ausencia consentíndolle os caprichos, sen darse conta da mala educación dos rapaces. Moito mellor non era o Papá Castrón. Era envexoso e lingoreteiro e ademais, non gustaba de criar os cabuxos e non lles facía demasiado caso.

Pois ben, certo día coma outro calquera, Papá Castrón marchou cedo para o mercado e díxolles aos cabuxos:

-Nenos, eu marchou. Acabade de almorzar e ides para a escola. E antes, redolledes a cociña.

-Boh, nós non queremos ir á escola, -dixo o máis pequeno.

-É verdade, a escola é aburrida, -dixo o resto do coro.

Papá Castrón deulle un crosque ao pequeno e dixo:

-Veña!! Acabade!! E que non me entere que volvedes faltar outro día máis á escola!!

Dito isto, marchou. E entón os cabuxiños, nin curtos nin preguiceiros, acenderon a televisión e esqueceronse totalmente da escola.

Chegou o momento de entrar na escola e faltaban sete rapaces. Don Lobo, o profesor, suspirou. Xa era a terceira vez na semana que os sete cabuxiños non asistían á clase. Calquera outro profesor alegraríase por librarse de problemas (eran máis tercós ca mulas), mais Don Lobo era un profesor exemplar que se tomaba moi en serio o seu oficio, e trataba de integrar a todos os rapaces, incluso aos máis rebeldes.

Así que, no recreo, decidiu non tomar o café e achegouse á casa dos cabuxiños, previa chamada telefónica aos pais, claramente sen resposta.

Pouco tardou en chegar á casa, que se atopaba a poucos pasos da escola (mirade vós, aínda téndoa preto da escola, nin caso facían) e asexou pola ventá. Os sete cabuxiños estaban concentrados mirando a televisión. Así que Don Lobo dirixiuse cara á porta e chamou:

-Abride rapaces, que tedes que asistir á escola!, –berrou o profesor.

Os rapaces apenas asexaron por uns intres o vestíbulo e logo volveron coa súa mestra favorita, a televisión. Don Lobo decatouse de que polas boas ese feixe de patáns (perdoade este léxico pouco apropiado para un profesor, pero é culpa do escritor) non ían facer caso. Polo tanto, chamou á porta e fíxose pasar por un vendedor de xeados ambulante.

-Toc, Toc! Vendo xeados! Vendo xeados!, -dixo nun ton diferente ao seu.

Entón os rapaces amosaron atención e achegáronse ao vestíbulo.

-Dasnos xeados?, -dixo o pequeno-, gratis?

-Si! –contestou o falso vendedor-, abride a porta e dóuvolos.

-Vale, dánoles polo buraco de debaixo da porta.

Para isto non se preparara o mestre. Loxicamente non levaba xeados enriba, polo que insistiu:

-Tedes que abrir a porta, senón marcho.

-Ben..., marcha pois –dixeron- non nos imos cansar a abrir a porta.

Don Lobo quedou pampo ante tal resposta. Estes rapaces eran preguiceiros de verdade! Iso fíxoo pensar máis concienciadamente: non eran rapaces normais, tiñan unha mobilidade limitada e o seu punto de atención era a Profe Tele. Tentou poñerse na pel dos cabuxos para averiguar que cousa os podería obrigar a abri-lle a porta...

Plin! Don Lobo acordouse do pai dos pequerrechos. Nunha anterior reunión, puido ver que o señor Castrón levaba os rapaces a golpes, polo tanto, tentouno por terceira vez:

-Abride xa, meus fillos, que ides ver –dixo coa voz ronca-, se non abrides vai ser peor!.

-Imos, papá –dixeron, amoreándose sobre a porta.

En canto abriron e se deron conta que era Don Lobo, o seu profesor, berraron e tentaron pechar a porta, mais Don Lobo foi máis rápido ca eles e entrou antes de que a pechasen.

Pero, non foi boa idea. Os rapaces non lle deixaron dicir nada, pois botáronse a el e este bateu fortemente coa cabeza na porta e quedou inconsciente.

Cando o señor Castrón volveu á casa espertouno co berro que emitiu ao ver o estropicio dos rapaces (é moi duro para un amo da casa ver todo sen recoller). Don Lobo incorporouse e, sen máis, levou aos rapaces á escola e pediulle ao señor Castrón que os viñese buscar ao finalizar as clases.

Cando o señor Castrón foi ao colexio buscar os rapaces, tentou desculparse, mais Don Lobo detívoo dicindo:

-Señor Castrón, non se ten que desculpar comigo, senón cos seus cabuxiños por non os educar convenientemente. Tiven un momento para falar con eles e mostrarlles as

desvantaxes do seu comportamento. Creo que logrei convencelos e eu, nas clases, comprométome a educalos adecuadamente e a guialos polo camiño do estudo, pero se vostede non se preocupa da súa educación na casa, todo será en van.

Mediante este razoamento e outra longa charla, o señor Castrón educou mellor os seus fillos e asegurouse de que fosen todos os días á escola e fixeran os deberes e Don Lobo sacou partido deles e, agora mesmo, os sete cabuxiños están na Universidade con moi boas notas.